

**MEMORIA DO
PROXECTO
DOCUMENTAL
INTEGRADO**

Muller tiña que ser!



**CEIP "OS MUIÑOS"
CURSO 2018 -19**

1.- INTRODUCCIÓN

1.1. Xustificación

O CEIP “Os Muíños é un centro rural e pequeno de 110 alumnos/as matriculados no curso escolar 2018/19. Aínda que levamos traballando moitos anos a partires de proxectos anuais xerados pola biblioteca, esta é a nosa terceira experiencia na elaboración de Proxectos Documentais Integrados. Os bos resultados nos dous últimos cursos levounos a seguir traballando neste liña animando a todo o claustro na participación e implicación do proxecto empregando metodoloxías activas, participativas, colaborativas e inclusivas.

O equipo de biblioteca deseñou varias propostas para levar a claustro, das cales a máis votada foi “A muller na historia”, proxecto deste curso escolar baixo o lema “Muller tiña que ser”. O proxecto quedou aprobado no último claustro e no Consello escolar do curso pasado. Na 1º reunión de titorías informouse ás familias da temática e obxectivos do proxecto, convidándoas a participar e colaborar activamente nas distintas actividades.

Neste proxecto implicouse toda a comunidade educativa. Participou a totalidade do alumnado e profesorado así como o persoal non docente e familias.

1.2. Temporalización

Iniciamos curso buscando información sobre o proxecto coa idea de ambientar e decorar a biblioteca e espazos do colexio colaborando mestres de diferentes equipos. Elaboramos un panel con 60 mulleres galegas que destacaron e destacan en distintos campos como a ciencia, a música, o deporte, a educación, a historia... Decoramos as escaleiras dos distintos andares con oficios en feminino acompañados do pictograma correspondente (en feminino). O equipo de Orientación foi o encargado de buscar cada un dos pictogramas e de construír algúns deles que non aparecían en feminino. O alumnado, de

forma voluntaria, sumouse a actividade o 11 de setembro, elaborando distintos materiais, buscando información e aportando ideas.

O PDI comezou o 26 de setembro coa apertura da biblioteca presentada por unha das mulleres protagonistas do proxecto e rematou o 20 de xuño coa xornada de portas abertas “Muller tiña que ser” na que o alumnado de 6º E.P. explicou o proxecto ás familias a través dos paneis expostos nos distintos corredores e espazos do colexio.

O proxecto tivo tres fases:

- ✓ 1º trimestre: **“Con nome de muller”**. Esta foi a fase de achegamento e curiosidade cara o tema. Cada titoría escolleu unha muller das 60 galegas presentadas no panel de presentación; ambientáronse as aulas e presentáronse ás sete mulleres protagonistas a través de distintas actividades como o Samaín e Nadal.
- ✓ 2º trimestre: **“Mulleres sen máscara”**. Esta foi a fase de investigación e elaboración de distintos proxectos nas aulas. Todas as actividades, efemérides e conmemoracións estiveron relacionadas co proxecto. Dado que o trimestre foi moi longo, decidimos facer nesta 2º fase as exposicións orais, nas que cada curso contou ó resto dos grupos todo o investigado e aprendido sobre cada unha das mulleres protagonistas. Algúns dos cursos invitaron tamén ás familias (1º, 2º e 4º E.P.).
- ✓ 3º trimestre: **“Xincana en feminino”**. Neste trimestre tamén se relacionaron as actividades e eventos (Día do Libro e Letras Galegas) co proxecto. O produto final foi a “Xincana en feminino”: xogo colectivo e colaborativo no que participou todo o profesorado e alumnado. Nesta actividade o alumnado divídese en grupos para realizar probas relacionadas coa información dada nas exposicións orais sobre as mulleres do proxecto. Comunícase o equipo gañador e entréganse os agasallos a todos os membros do grupo no festival de fin de curso. Demos remate ao proxecto coa

xornada de portas abertas “Muller tiña que ser”. Comunicouse ás familias a través dunha nota informativa e anunciouse tamén no blog do PDI.

1.3. Obxectivos

A través do proxecto traballáronse multitude de obxectivos curriculares, destacamos os principais:

- ✓ Descubrir e dar a coñecer a vida e traballo de mulleres que destacaron e destacan en campos como a ciencia, as letras, a música, a educación, a arte...dando visibilidade a todo o esforzo e logros, que moitas veces non foron o suficientemente recoñecidas polo simple feito de ser mulleres.
- ✓ Reflexionar sobre o papel da muller en distintos ámbitos profesionais.
- ✓ Achegarse á ciencia, á arte, á música...a través das mulleres protagonistas do proxecto.
- ✓ Valorar o papel da muller no avance da sociedade, da cultura e da ciencia.
- ✓ Propiciar que a comunidade educativa traballe por superar os estereotipos sexistas, potenciando relacións igualitarias.
- ✓ Mellorar a competencia lingüística do alumnado.
- ✓ Fomentar o tratamento e o uso da información.
- ✓ Promover a colaboración e coordinación entre todos os membros da comunidade educativa.
- ✓ Utilizar a biblioteca como lugar de investigación e traballo.
- ✓ Conseguir cidadáns responsables, autónomos, respectuosos e felices que participen de forma activa nunha sociedade inclusiva, partindo das súas capacidades, desenvolvendo o seu talento e equilibrando a súa autoestima, mediante unha metodoloxía activa, colaborativa e participativa adaptable á diversidade do alumnado.

1.4. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Nas diferentes actividades e tarefas que se foron desenvolvendo no PDI estiveron integradas en distinta medida todas as competencias básicas:

- ✓ Comunicación lingüística (CCL): busca e extracción de información o que require certo grao de comprensión; ampliación de vocabulario en relación aos temas que se desenvolveron; exposicións orais das investigacións realizadas sobre cada unha das mulleres protagonistas; producións elaboradas polo alumnado (presentacións, exposicións; poemas, carteis de invitación ás exposicións, murais, obras de teatro, cancións...);
- ✓ Competencia para aprender aprender (CAA): buscando e seleccionando a información; habilidades sociais e comunicativas; participación directa do alumnado converténdose en protagonistas da súa aprendizaxe.
- ✓ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT): aplicar o razonamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; construír liñas temporais.
- ✓ Competencia dixital (CD): utilizando as TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información; uso do procesador de textos, fotografía, vídeos, presentacións dixitais, correo electrónico, blog.
- ✓ Competencias sociais e cívicas (CIC): A maioría das actividades realizadas no proxecto foron baseadas nunha metodoloxía de traballo colaborativo, favorecendo a relación cos demais, os valores cívicos, o pensamento crítico e a resolución de problemas e conflitos que xurden na interrelación cos compañeiros;
- ✓ Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade e as capacidades para

asumir riscos e planificar e xestionar proxectos. En definitiva, deseñando ideas e levándoas a cabo.

- ✓ Competencia para a conciencia e expresións culturais (CCEC): capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, artes plásticas e escénicas ou a literatura.

1.5. Criterios e estándares de aprendizaxe.

- ✓ Coñecer mulleres que fixeron historia.
- ✓ Usar a biblioteca como espazo de acceso á información.
- ✓ Participar en situacións de comunicación respectando a quenda de palabra e a intervención dos demais.
- ✓ Realizar traballos de investigación sobre a vida de mulleres que destacaron e destacan en distintos campos como a música, a ciencia... para obter información, seleccionala, organizala, extraer conclusións e comunicala utilizando as TIC ou outras fontes.
- ✓ Comprender e producir textos escritos e orais, reelaborando e personalizando a información.
- ✓ Empregar estratexias de traballo colaborativo con respecto e tolerancia, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto.

1.6. Contidos:

- ✓ A muller na historia
- ✓ A biblioteca escolar como recurso do centro.
- ✓ Busca, selección e edición de información.
- ✓ O traballo en equipo.

1.7. Alumnado e profesorado participante.

Implicouse neste proxecto todo o profesorado (15 mestres) e todo o alumnado (110 entre Infantil e Primaria). Foi un curso moi positivo e gratificante na que todo o claustro colaborou na elaboración de distintos proxectos relacionados co tema así como no desenvolvemento das actividades propostas polo equipo de biblioteca en colaboración co resto dos equipos. O EAE e EDL relacionou co proxecto todas as actividades dos distintos trimestres en cooperación co equipo de biblioteca.

O alumnado estivo moi implicado en todo o desenvolvemento do proxecto. Fixemos por primeira vez unha xornada de portas abertas. A experiencia foi moi enriquecedora e gratificante tanto para as familias como para o alumnado de 6º E.P. que foi o encargado de comentar as vantaxes de traballar toda a comunidade educativa sobre un proxecto común e fixo un resumo de todas as actividades a través dos distintos paneis expostos polos corredores do colexio elaborados polo alumnado e mestres.

As familias tamén colaboraron participando e colaborando en distintas actividades e na creación de distintos materiais (festivais, concursos...)

2. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS.

Desde o equipo de biblioteca suxeríronse varias propostas que se levaron a claustro. A máis votada foi “A muller na historia” baixo o lema “Muller tiña que ser”. A través deste proxecto trátase de ofrecer unha visión máis completa da historia, reforzando referentes femininos e recoñecendo a aportación que as mulleres fixeron ao progreso do mundo.

3. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.

Deseñamos tarefas integradas e actividades desenvolvidas ao longo do curso, organizadas por trimestre.

1º TRIMESTRE: “CON NOME DE MULLER”

SETEMBRO

- Fase de achegamento e curiosidade cara o tema. [Decoración e presentación PDI](#). (equipos e Voluntariado)
- Selección dunha muller por titoría das 60 galegas presentadas no panel da presentación (Titorías): <https://mullertinhaqser.blogspot.com/2018/09/muller-tina-que-ser.html>
- Primeiros traballos de busca de información a nivel de titorías: <http://amullernahistoria.blogspot.com/2018/09/viki-rivadulla-artista.html>
- [Anunciar](#) a apertura da biblioteca a través do blog e invitar a unha das mulleres protagonistas do proxecto para celebrar o acto. (Equipo de biblioteca). [Celebración](#) (Todos)
- [Itinerario lector en feminino](#). (Equipo de biblioteca. Titorías). Mostramos libros seleccionados por titorías e actividades realizadas ao longo dos trimestre.

[4º-5º Infantil](#)

[1º-2º E.P.](#)

[3º E.P.](#)

[4º E.P.](#)

[5º E.P.](#)

[6º E.P.](#)

OUTUBRO

- Reformar recuncho lector da entrada da biblioteca relacionándoo co tema. [Presentación das novidades enlazadas co PDI](#)
- [Ambientación de portas](#)
- Celebración Samaín- Agosto
 - Exposición cabazas inspiradas no PDI. [Concurso “Cabaza muller tiña que ser”](#) (Equipo de biblioteca. EAE, EDL, familias)
 - Actividade colaborativa [“Mulleres de medo”](#) (Equipo de biblioteca. Todos):
 - [Celebración](#). (equipo de biblioteca, EDL, EAE, mestres, familias, ANPA, comedor. Todos). Os mestres fixeron unha versión en galego cambiando o xénero dos persoeiros do conto (lobo por loba; mamá por papá; cabritiños e cabritiñas): **“A loba**

feroz e as doce cabritiñas e cabritiños". Contaron e escenificaron o conto para todo o alumnado, na celebración do Samaín, na biblioteca.

- [Inscripción programa Prensa- escola](#). O equipo de biblioteca, xunto co EDL e titor de 5º decidiron relacionar esta actividade do PDI. O resultado foi a elaboración dun mural que titularon "A voz da muller". Este proxecto faise durante os dous primeiros trimestres. O produto final foi a elaboración dun libro para a biblioteca, sección de elaboracións propias (Equipo de biblioteca, EDL e 5º E.P.)
- [Club de lectura "Papalibros"](#). Acordaron na primeira reunión [relacionar a súa actividade co proxecto](#). (Equipo de biblioteca. 5º-6º E.P.)

NOVEMBRO

[Celebramos o 25 N na biblioteca](#) (Equipo de biblioteca; Alumnado 4º-5º Infantil; club de lectura. Todos). <http://ninhodacuruxa.blogspot.com/2018/11/artur-e-clementina.html>

DECEMBRO

- [Campaña expurgo Nadal: "Con nome de muller"](#). [Produto final](#) (Equipo biblioteca, familias)
- Actividade colaborativa [árbore Nadal "Con nome de muller"](#) (Equipo de biblioteca, equipo non docente, alumnado e mestres)
- [Festival Nadal "Con nome de muller"](#) na que se fixo unha pequena presentación das mulleres e actividades relacionadas coas mesmas. (Equipos, familias, alumnado e mestres; mestra de música. Todos).
- Proxecto 1º trimestre aula de música (Orchestra do colexio "Os Muíñeiros"). Versión propia en galego da canción de Aitana e Ana Guerra "O malo". [Creación das camisetas proxecto](#) (familias). Actúan no [festival de Nadal](#)
- Proxecto a nivel de aula relacionado co PDI: ["Mamás tiñan que ser"](#) (Alumnado 6º Infantil, familias)

2º TRIMESTRE: “MULLERES SEN MÁSCARA”

XANEIRO

- Fase de investigación: <http://amullernahistoria.blogspot.com/2019/01/que-sabemos-de-viki-rivadulla.html>
<http://amullernahistoria.blogspot.com/2019/01/falamos-de-viki-rivadulla.html>
<http://amullernahistoria.blogspot.com/2019/01/lectura-de-imaxes.html>
- [Celebración Día da Paz](#) :pictogramas e lingua de signos:(equipo de biblioteca, EDL; EAE, alumnado e mestres).
- Iniciamos trimestre cunha actividade do fomento lector [“Mulleres de conto”](#). As familias escollen lecturas en feminino para ler na biblioteca os venres no recreo da mañá. E a [escoitar ao alumnado](#) os martes e xoves.

FEBREIRO

- Actividade dinamizadora biblioteca: [“Nos Muíños, Rosalía”](#) (E. biblioteca, alumnado)
- [Celebración Día de Rosalía](#) (Equipo biblioteca; alumnado e mestres 3º,4º,5º,6º E.P.; club de lectura; mestra de PT e música. Todos)
- Actividade colaborativa [“Mulleres sen máscara”](#) (equipo biblioteca, alumnado e mestres).
- [Anuncio](#) e celebración [Festival Entroido”Mulleres sen máscara”](#) . Todos os grupos representaron ás mulleres protagonistas e fixeron actividades de elaboración propia e relacionadas co proxecto. (equipo biblioteca, EAE, familias, Voluntariado, alumnado e mestres. Todos)

MARZO

- Concurso [“Camiñemos cara a igualdade”](#) (Equipo biblioteca; Valores cívicos- alumnado 6ºE.P.; EDL; mestra de Inglés)
- Actividade Voluntariado [“Feminista”](#)

- [Anuncio](#) e [celebración 8 de marzo](#). (Equipo biblioteca; Voluntariado; EDL, EAE; alumnado 4º-5º Infantil; alumnado 6º E.P.; exalumna do centro; alumnado Valores 6º E.P. Todos).
- Concurso de lectura poesía [“Versos de muller”](#) (Equipo biblioteca, [alumnado voluntario](#)).
- Elaboración de poesías relacionadas coas mulleres protagonistas [“Versos de muller”](#). Produto final elaboración dun libro para o recuncho biblioteca de elaboracións propias.
- [Anunciamos](#) e [celebramos o Día da Poesía “Versos de muller”](#) (Equipo de biblioteca; EDL; todo alumnado e mestres; Voluntariado; familias; mestra e conserxe xubiladas o curso anterior. Todos)
- Remate proxecto [“A voz da muller”](#) . Produto final: elaboración dun libro para a sección de elaboracións propias elaborado polo alumnado de 5º E.P.
- Remate proxecto de investigación- exposición. Alumnado 6º Infantil [“Pequenos e grandes artistas”](#)
- [Entrevista Viki Rivadulla](#). (Investigación 4º E.P.)
- Saída cultural [“As Marías “](#) (Santiago de Compostela): 1º,2º,3º,4º E.P.
- Formación [club de teatro “Do tres ao catro”](#) (alumnado 3º,4º EP. baixo a coordinación da mestra de inglés, membro do equipo de biblioteca e coordinadora EDL). [Relacionan a súa actividade co PDI](#).

ABRIL

- [Exposicións orais “Muller tiña que ser”](#) (Equipo biblioteca. Todo alumnado). Fanse na Hora de ler (20m.) previa invitación ao resto dos grupos.
- [4º,5º Infantil; 6º Infantil; 1º-2º E.P.; 3º E.P.; 4º E.P.; 5º E.P.; 6º E.P.](#)
- [Anunciamos](#) Día do Libro. [Celebración](#) (Equipo de biblioteca; EDL; familias; [comedor](#); Voluntariado; alumnado e mestres. Todos)
- Actividades itinerario lector: [4º-5º Infantil; 1º-2º E.P.; 3º E.P. 4ºE.P.](#)

3º TRIMESTRE: “XINCANA EN FEMININO”

MAIO

- O alumnado de 6º de Infantil fixo un proxecto de [reporteiros e reporteiras relacionado co PDI](#)
- [Mural colarativo Letras Galegas](#) (EDL en colaboración equipo biblioteca; todo alumnado)
- Celebración Letras Galegas: [gamificación: informe Antón Fraguas](#) (EDL; equipo biblioteca, todo alumnado e mestres).
- [Visita Andrea Maceiras](#), unha das escritoras protagonistas do club de lectura. (equipo biblioteca; alumnado 5ºe 6º E.P.).

XUÑO

- [Anunciamos](#) e celebramos a [“Xincana en feminino”](#). (Equipo de biblioteca; Voluntariado; todo alumnado e mestres).
- Remata o proxecto coa [xornada de portas abertas](#). Anunciamos a actividade a través de nota informativa ás familias e [no blog do PDI](#) (Equipo biblioteca; alumnado 6º E.P., familias).
- [Festa fin de peche](#) (Equipo biblioteca; EDL; EAE; Club de teatro; alumnado 6º E.P., alumna 5º E.P.; alumno 6º E.P.; familias; Orquestra do colexio. Todos). Notifícase o equipo gañador da xincana e entrega de premios aos componentes do grupo.

4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO.

4.1. PARA O PROFESORADO:

- ✓ Panel de achegamento ao tema.
- ✓ Plan anual de lectura.
- ✓ Itinerario lector

- ✓ Cartas e notas informativas da mascota da biblioteca enviadas ás titorías
- ✓ Exposición de libros relacionados co proxecto.
- ✓ Guía explicativa do PDI: fases do proxecto e as actividades a realizar. Calendario de actividades.
- ✓ Formularios de avaliación
- ✓ Selección de recursos web

4.2. PARA O ALUMNADO:

- ✓ Diplomas concurso de poesía “Versos de muller”
- ✓ Cartas da mascota da biblioteca.
- ✓ Exposición libros relacionados co proxecto.
- ✓ Carteis para anunciar as actividades.
- ✓ Convocatorias concursos.
- ✓ [Cartel explicación](#) “Xincana en feminino”; [Grupos](#); [Control de rutas](#); [Rutas](#); [pistas](#).
- ✓ Formularios de avaliación

5.- RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.

1º TRIMESTRE
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Facendo e aprendendo. Colaboración co equipo de biblioteca na decoración de inicio de curso: aporta ideas, elabora materiais... (Voluntariado e alumnado de 4º). ✓ Ambientación portas das aulas (Todos) ✓ Mural colaborativo Samaín “Mulleres de medo” (Todos) ✓ Árbore Nadal “Con nome de muller” (Todos) ✓ Vídeo “25N é todos os días” (4º-5º Infantil) ✓ Proxecto “Naiciñas” (alumnado 6º Infantil)

- ✓ Contacontos [“Artur e Clementina”](#) (Club de lectura 5º-6º EP.)
- ✓ Proxecto 1º trimestre [“O malo”](#) (Orquestra do colexio- Todos)

2º TRIMESTRE

- ✓ [Día de Rosalía](#). Escribir e ilustrar o poema “Negra sombra” (3º,4º,5º,6º E.P.). Contar a historia de Rosalía de Castro (Club de lectura 5º,6º E.P.)
- ✓ Concurso [“Camiñemos cara a igualdade”](#) (6º E.P.)
- ✓ 8 de marzo. Mural [“Feminista”](#) (Voluntariado 6º E.P.).Vídeo [“Muller tiña que ser”](#) (4º.5º. Infantil).Versión en lingua galega e en lingua de signos da canción de Rozalén e Estopa [“Vivir”](#) (6º E.P.)
- ✓ Elaboración propia de poesías relacionadas coas mulleres protagonistas do proxecto [“Versos de muller”](#) (Todos)
- ✓ Proxecto [“A voz da muller”](#) (5º E.P.)
- ✓ [Exposición](#) versión cadros de Maruja Mallo (6º Infantil)
- ✓ [Entrevista Viki Rivadulla](#) (4º E.P.)
- ✓ Exposicións orais “Muller tiña que ser” (Todos)
- ✓ [Teatro de sombras](#) : exposición oral “As Mariás”:(1º-2º E.P.)
- ✓ Obras de teatro do club “Do tres ao catro” (3º-4º E.P.)
- ✓ Xogos Scratch (6º E.P.):<https://scratch.mit.edu/projects/297316692/fullscreen/>
<https://scratch.mit.edu/projects/300974118/fullscreen/>
<https://scratch.mit.edu/projects/295775779/fullscreen/>

3º TRIMESTRE

- ✓ Día do Libro. [Mural](#) (Voluntariado).
- ✓ Proxecto reporteiros e reporteiras [“Muller tiña que ser”](#) (6º Infantil)
- ✓ Letras Galegas. [Mural Antón Fraguas](#). (Voluntariado). [Mural Letras Galegas](#) (Todos)
- ✓ [Presentación Andrea Maceiras](#) (Club de lectura)

- ✓ Xornada portas abertas [“Muller tiña que ser”](#) (6º E.P.)
- ✓ Produtos finais: libro [“Ao mal tempo boa cara”](#) (2ºE.P.); libro [“A voz da muller”](#) (5º E.P.); [“Con mome de muller”](#) (Voluntariado); [“Dende 1963 rendemos homenaxe a...”](#)(6º E.P.)

6.- RECURSOS E FONTES CONSULTADAS.

- ✓ Horas reservadas biblioteca (titorías). A biblioteca é centro de recursos.
- ✓ Fondos bibliográficos sobre o proxecto (narrativa e consulta).
- ✓ Recursos dixitais: ordenadores biblioteca e das aulas (ABALAR).
- ✓ Recursos web (no [Blog PDI](#))
- ✓ Visita a Santiago de Compostela (As Marías)
- ✓ Redes Sociais (Facebook biblioteca)
- ✓ Blogues

7.- IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

A implicación da comunidade educativa foi total. Participou no proxecto todo o claustro e todo o alumnado. Houbo unha coordinación extraordinaria entre todos os equipos e departamentos relacionando todas as actividades co proxecto. As familias implicáronse e colaboraron en moitas das actividades. O equipo directivo apoio todas as actividades propostas ao longo do curso.

8.- DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.

Os nosos blogues, Facebook da biblioteca e a web do centro son as ferramentas principais da difusión dos nosos traballos á comunidade educativa. O resultado de todos os traballos colaborativos a nivel de centro e aula expóñense nos distintos corredores do colexio.

Blog PDI “Muller tiña que ser”: <https://mullertinhaqser.blogspot.com/>

Blog Biblioteca: <http://ninhodacuruxa.blogspot.com/>

Blog 4º E.P. “A muller na historia”: <http://amullernahistoria.blogspot.com/>

Blog Club de lectura: <http://lectonautasdosmuinhos.blogspot.com/>

Blog Voluntariado: <http://compartindolecturas.blogspot.com/>

Blog Dimanización: <http://debullando-historias.blogspot.com/>

Web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiposmuinhos/>

Facebook da biblioteca: <https://www.facebook.com/bibliotecamuinhos/>

9.- AVALIACIÓN REALIZADA. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS

O nivel de satisfacción da elaboración deste proxecto foi moi positivo porque se traballaron multitude de competencias e alcanzáronse os obxectivos propostos.

O equipo de biblioteca fixo avaliación trimestral das actividades realizadas no proxecto (mestres e alumnado). As familias avaliaron a xornada de portas abertas.

➤ 1º TRIMESTRE:

✓ [ALUMNADO](#)

✓ [MESTRES](#)

➤ 2º TRIMESTRE:

✓ [ALUMNADO](#)

✓ [MESTRES](#)

➤ 3º TRIMESTRE:

✓ [ALUMNADO](#)

✓ [MESTRES](#)

➤ FAMILIAS - [XORNADA DE PORTAS ABERTAS](#)

No produto final [“Xincana en feminino”](#) os equipos realizaron dúas probas en cada ruta, en distintos formatos, relacionadas coas exposicións orais. Os titores son os encargados de elaborar estas probas que nos aportan, dalgunha maneira, o grado de adquisición dos contidos tratados nas exposicións orais. Probas xincana elaboradas polos titores:

Ruta “As letras”: [Proba 1](#)- [Proba 2](#)

Ruta “Arte”: [Proba 1](#)- [Proba 2](#)- [Proba 2](#)

Ruta “Oleo”: [Proba 1-2](#)

Ruta “Ciencia”: [Proba 1-2](#)

Ruta “Reloxo”: [Proba 1](#)- [Proba 2](#)

Ruta “Son”: [Proba 1-2](#)

Ruta “Pop-rock”: [Proba 1-2](#)

10.- FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO PROCESO.

A biblioteca escolar foi o eixe vertebrador da posta en marcha do proxecto “Muller tiña que ser” aportando documentos elaborados para o proxecto; coordinando as actividades cos outros equipos; buscando e seleccionando información; facilitando materiais e recursos; actualizando os fondos bibliográficos relacionados co tema; creando espazos de traballo e investigación; ampliando material informático; documentando, editando e difundindo todos os traballos elaborados polo alumnado. En definitiva, a Biblioteca escolar en consonancia cos demais equipos guiou e motivou a toda a comunidade educativa.

Demos remate a este marabilloso proxecto no último claustro no que a Directora fixo un balance persoal do curso, botando man do PDI “Muller tiña que ser”. Ver [AQUÍ](#)

Somos conscientes de que todo é mellorable e de que cada ano intentaremos facelo un pouco mellor pero tamén de que fixemos un bo traballo grazas a colaboración, participación e implicación do claustro, alumnado, persoal non docente, familias, equipos e da dirección do centro. Por todo iso, pensamos continuar nesta liña de traballo e ser cada vez máis eficientes no deseño e realización de Proxectos Documentais Integrados.

En Os Muíños, a 9 de xullo de 2019.

A responsable da biblioteca



María José Abelleira Pequeño



Vº e P. da Directora



Aurelia Mª Picallo Merlán